



MESTRADO UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA APLICADA

PERFIL DO TÍTULO

Este mestrado permite optar pola especialidade de Psicoloxía da Saúde ou pola de Intervención Psicolóxica en Contextos Educativos.

Un universo por descubrir

Especialidade en Psicoloxía da Saúde

Nesta especialidade ponse a énfase nos diferentes niveis de análise e as distintas estratexias de acción que, desde as diversas parcelas ou áreas da psicoloxía serven para a promoción, o mantemento e a restauración da saúde integral do individuo.

Especialidade en Intervención Psicolóxica en Contextos Educativos

Nesta especialidade ponse a énfase nas bases, requisitos e procedementos da intervención psicolóxica en contextos educativos, especialmente no relativo aos procesos emocionais, motivacionais e comunicativos, así como na lectoescritura e o cálculo.

OBXECTIVOS

Formar posgraduados universitarios especializados nos diferentes ámbitos da psicoloxía aplicada, con especial atención á psicoloxía da saúde e á intervención psicolóxica en contextos educativos.

Proporcionar aos estudantes unha base sólida e equilibrada de coñecementos psicolóxicos e de habilidades prácticas no ámbito da intervención psicolóxica.

Desenvolver nos estudantes a habilidade para aplicar os seus coñecementos psicolóxicos, teóricos e prácticos á solución de problemas do individuo e o grupo/comunidade.

Fortalecer as liñas de investigación actuais e a formación de novos investigadores que desenvolvan o seu traballo en psicoloxía aplicada.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Titulados/as universitarios/as que vaian desempeñar a súa actividade profesional en saúde mental ou en contextos educativos.

MÁIS INFORMACIÓN

Coordinadora: Alicia Risso Miguez
master.psicologia@udc.gal
Facultade de Ciencias da Educación
<http://psicologia.udc.es/master/>

PLAN DE ESTUDOS

MATERIAS OBRIGATORIAS

Documentación, Organización e Presentación dun Traballo de Investigación
Métodos e Técnicas de Recollida de Información en Psicoloxía Aplicada
Aprendizaxe, Cognición e Conducta
Psicoloxía da Memoria
Psicoloxía Social Aplicada
Biopsicoloxía
Psicoloxía Clínica da Saúde
Benestar Psicológico
Autorregulación Cognitivo-Comportamental
Avaliación e Intervención Psicolóxica en Dificultades de Aprendizaxe

MATERIAS OPTATIVAS (debe cursarse unha das dúas modalidades completa)

Especialidade de Psicoloxía da Saúde

Saúde Laboral e Calidade de Vida Laboral
Psicoloxía Social da Saúde
Neuroxenética, Dependencia e Discapacidade
Hipnose: Técnicas, Bases Fisiolóxicas e Aplicacións Clínicas
Psicofarmacoloxía
Áreas de Intervención en Psicoloxía Clínica da Saúde I
Áreas de Intervención en Psicoloxía Clínica da Saúde II
Investigación do Proceso en Psicoterapia

Especialidade de Intervención Psicolóxica en Contextos Educativos

Motivación e Emoción en Contextos eEducativos
Os Modelos Mentales nas Relacións de Apego
Trastornos da Linguaxe Oral e Escrita: Lectura e Comprensión
Lectura e Novas Tecnoloxías
Intervención Psicoeducativa nas Dificultades do Aprendizaxe da Escritura
Promoción da Saúde dos Adolescentes en Contextos Scioeducativos
Intervención Psicolóxica na Familia
Comunicación Aumentativa e Alternativa no Contexto da Educación Especial

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

PREINSCRICIÓN 2017 (prazas limitadas)

1. PRIMEIRO PRAZO (xuño-xullo 2017)
 - Preinscrición: do 23 de xuño ao 13 de xullo
 - Matrícula: do 1 ao 31 de agosto
2. SEGUNDO PRAZO (agosto-setembro 2017)
 - Preinscrición: do 14 ao 21 de agosto
 - Matrícula: do 13 ao 18 de setembro
3. TERCEIRO PRAZO (setembro-outubro 2017): só se quedan vacantes
 - Preinscrición: do 19 ao 27 de setembro
 - Matrícula: do 10 ao 19 de outubro

